



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Literatura Poscolonial	Código	613G03026	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Inglesa			
Coordinación	Simal Gonzalez, Begoña	Correo electrónico	begona.simal@udc.es	
Profesorado	Cabarcos Traseira, Maria Jesus Simal Gonzalez, Begoña	Correo electrónico	maria.jesus.cabarcos@udc.es begona.simal@udc.es	
Web	https://moodle.udc.es/course/view.php?id=28956&lang=en			
Descrición xeral	Estudo das principais etapas, autores/as e obras da literatura en lingua inglesa escrita en África, América, Asia e Oceanía. Introducción socio-histórica ao mundo colonial e poscolonial no ámbito anglófono. Estudo das claves teóricas da crítica poscolonial do século XX e das novas escolas críticas como os Diaspora and Transnational Studies e máis aplicar as devanditas ferramentas críticas a unha selección de textos literarios.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as literaturas en lingua inglesa dos países de África, América, Asia e Oceanía.	A1 A7 A16	B5 B8	C2 C4
Coñecer o contexto socio-histórico e cultural das comunidades anglófonas de fóra de Europa, con especial atención á súa relación cos textos literarios da materia.	A16 A17	B1 B5 B7 B8	C2 C4
Coñecer e aplicar os métodos de análise literaria, prestando especial atención ao enfoque da teoría e crítica poscoloniais.	A1 A2 A3 A11 A15	B1 B2 B3 B6 B7 B8	C2 C4 C6 C7
Elaborar documentos escritos, maioritariamente ensaios e comentarios de texto en lingua inglesa, e levar a cabo exposicións e intervencións en lingua inglesa, con corrección e coherencia.	A6 A9	B1 B3 B5 B7 B8	C2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Contextos e crítica poscoloniais I.	1.1.- Países anglófonos coloniais e poscoloniais (I): unha introdución socio-histórica. 1.2.- Conceptos clave na crítica e a teoría poscolonial (I).



2. Literaturas poscoloniais en inglés I: África e Oceanía.	2.1. - Orixes coloniais e literaturas poscoloniais: Nixeria (Chinua Achebe, Things Fall Apart) e Sudáfrica (textos de Gordimer, Coetzee, Mda entre outros). 2.2. - Inicios coloniais e literaturas poscoloniais: Australia (textos de Lawson, Patterson, Malouf e Morgan).
3. Contextos e crítica poscoloniais II.	3.1 Países anglófonos coloniais e poscoloniais (II): unha introdución socio-histórica. 3.2 Conceptos clave na crítica e a teoría poscolonial (II): cara aos estudos transnacionais e diaspóricos.
4. Literaturas poscoloniais en inglés I: América, Asia e as novas diásporas.	4.1.- Literaturas poscoloniais en América: Canadá (textos de Atwood, Munro, King, etc.). 4.2.- Literaturas poscoloniais en Asia: subcontinente indio (textos de Rushdie, Adiga...) 4.3.- Conceptos clave nos estudos transnacionais e diaspóricos: globalización, neocolonialismo, cosmopolitanismo (textos de Bobis, Viramontes, Desai, Divakaruni)

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A6 C2	3	42	45
Sesión maxistral	A3 A7 A16 A17 B5 C2	10	0	10
Discusión dirixida	A1 A2 A11 A15 B7 B8 C4 C6 C7	12	12	24
Proba de ensaio	A9 B1 B2 B3 B6	6	24	30
Proba mixta	A3 A6 A7 A9 A11 A15 A16 A17 C2	2	24	26
Solución de problemas	A2 A11 A15 B1 B5 B7 C6 C7	5	5	10
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Para unha materia de literatura resulta esencial que cada estudante se responsabilice de ter feitas as lecturas asignadas para cada día antes de entrar na aula. Cada estudante deberá levar a cabo a lectura das fontes primarias (textos literarios), e tamén, en menor medida, de fontes secundarias de extensión reducida. Só se levarán a cabo lecturas en clase cando se trate de textos breves. O calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia, pero as/os estudantes poden (e deben) adquirir e ler os DOUS textos longos de obrigada lectura que aparecen no apartado de FONTES DE INFORMACIÓN.
Sesión maxistral	Neste tipo de sesións a docente explicará o contexto socio-histórico e cultural no que se inscriben os textos a analizar, se explorarán os conceptos teóricos máis relevantes nos estudos poscoloniais e se proporcionarán pautas de análise textual. As sesións maxistrais levaranse a cabo nas clases co grupo grande, correspondentes á docencia expositiva (DE). De xeito ocasional, poderase organizar unha conferencia a cargo de expertas/os de outras universidades.
Discusión dirixida	Nesta actividade, partindo dos textos e das explicacións da docente, se animará ao alumnado a participar por medio de preguntas ou temas de debate. Esta discusión dirixida pode complementar as sesións maxistrais nas clases de grupo grande (DE), aínda que se levará a cabo fundamentalmente nas clases interactivas de grupo intermedio (DI) e nos seminarios de grupo pequeno (TGR).
Proba de ensaio	Estas probas ou exercicios de clase consisten na elaboración de ensaios breves en resposta a preguntas teórico-prácticas e se levarán a cabo fundamentalmente na aula, se recollerán e computarán a efectos de avaliación. Nos seminarios cos grupos pequenos (TGR) se procederá a explicar os erros e dúbidas máis relevantes dos exercicios recollidos en clase.



Proba mixta	Estas probas finais, que se realizarán nas datas oficiais de exames (oportunidades de xuño e xullo), consistirán en preguntas de tipo teórico-práctico, e poden incluír preguntas breves así como exercicios máis longos e complexos (essay questions).
Solución de problemas	Este tipo de metodoloxía atenderá ás dúbidas que xurdan das lecturas, debates, análises e probas. Estes problemas atenderanse nas titorías de grupo reducido (TGR) ou en titorías máis individualizadas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	Como corresponde ao tipo de avaliación continua que caracteriza a esta materia, cada estudante ou grupo reducido de estudantes precisará dunha orientación persoalada, nomeadamente no que se refire á comprensión dos textos e conceptos, e no que atinxe á súa participación en clase e á elaboración de exercicios escritos. A devandita orientación se desenvolverá ben nas TGR (Titorías de Grupo Reducido), ben nas titorías semanais, onde tamén se atenderán dúbidas e problemas puntuais.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	A1 A2 A11 A15 B7 B8 C4 C6 C7	Nestas actividades o/a estudante amosará o seu grado de comprensión e aproveitamento das lecturas encomendadas; daquela, valorarase a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados. Tamén se avaliarán as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión en lingua inglesa. O 30% asignado a este apartado divídese en 20% para actividades individuais e grupais desenvolvidas fundamentalmente na clase e 10% para a actitude colaborativa e participativa amosada durante a clase	30
Proba de ensaio	A9 B1 B2 B3 B6	Ademáis de ter realizado as lecturas e de ter atendido ás explicacións do/da docente, neste tipo de actividade o/a estudante amosará o seu grado de comprensión e aproveitamento das devanditas explicacións e lecturas. Na avaliación destas probas escritas, terase en conta especialmente a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados ou os conceptos baixo estudo. Tamén se valorarán as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión escrita.	40
Proba mixta	A3 A6 A7 A9 A11 A15 A16 A17 C2	Neste tipo de actividade o/a estudante amosará o seu grado de comprensión e aproveitamento das lecturas encomendadas, por medio do comentario e análise textual, polo que se valorará a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados. Tamén se valorarán tanto os coñecementos teóricos adquiridos como a capacidade do alumnado que aplicar os devanditos coñecementos á práctica. Por último, nestas probas finais se avaliarán as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión escrita en lingua inglesa. Estes exames poden combinar preguntas de resposta breve ("objective test") con outras preguntas a desenvolver (essay questions; "subjective" test).	30

Observacións avaliación



Para superar a materia, a suma das distintas probas, traballos e demais actividades avaliábeis terá que superar o 5 sobre 10. Para realizar a suma dos distintos aspectos avaliábeis, o/a estudante deberá acadar alomenos 4 sobre 10 en cada un dos tres apartados de avaliación. So as/os estudantes que tiveran realizado alomenos un 50% da avaliación continua poderán presentarse ás probas finais de xuño; as/os demais terán que realizar esas probas en xullo. A participación dinámica nas diferentes tarefas da clase, así como toda actividade adicional de "extra-credit" que o alumnado realice ao longo do cuatrimestre, poderá supoñer ata un 5% extra na nota final. Isto inclúe traballos voluntarios, lecturas alternativas ou calquera outra actividade proposta polo profesorado ou polo alumnado e aceptada polo profesorado

ESTUDANTES CON DISPENSA: Aquelas/es estudantes que estean matriculados a tempo parcial, e teñan concedida unha dispensa académica, como establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo.

CUALIFICACIÓN DE "NON PRESENTADO": Aquel(a) estudante que non se presente á proba final e/ou non teña realizado traballo igual ou superior ao 50% do resto das categorías de avaliación acadará a cualificación de NP.

AVALIACIÓN DE XULLO: Os/as estudantes que non teñan acadado un 4 sobre 10 en cada un dos tres apartados de avaliación, aínda que a nota media sexa superior a 5, terán que ir á oportunidade de xullo, na que cada estudante terá que demostrar ter acadadas as competencias da materia mediante a superación das seguintes probas: 30% da proba mixta (semellante ao exame final de xuño), 40% de proba de ensaio (haberá que entregar un ensaio longo), e mais 30% de actividades dirixidas (exercicios escritos).



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - ACHEBE, Chinua (1958 [2001]). Things Fall Apart. London: Penguin - ADIGA, Aravind (). Selected stories. - ATWOOD, Margaret (). Selected poetry and narrative. - BOBIS, Merlinda (1999). ?The Long Siesta as a Language Primer?. The Kissing / White Turtle - COETZEE, J.M. (1987 [2004]). Foe (excerpt). - DESAI, Anita (2000). ?Winterscape?. Diamond Dust - DIVAKARUNI, Chitra B. (1995). ?Doors?. Arranged Marriage - GORDIMER, Nadine (1975). &quot;Country Lovers&quot;. http://data0.eclablog.com/we-love-reading/perso/la%20rencontre%20avec%20autre/country%20lovers.pdf - KAY, Jackie (). &quot;Things Fall Apart&quot;. http://www.poetryarchive.org/poetryarchive/singlePoet.do?poetId=5682 - KING, Thomas (). Selected stories. - LAWSON, Henry (1892 [1896]). &quot;The Drover's Wife&quot;. https://ebooks.adelaide.edu.au/l/lawson/henry/while_the_billy_boils/book2.1.html - MALOUF, David (1993). Remembering Babylon (excerpt). - MDA, Zakes (2002). The Madonna of Excelsior (excerpt). - MORGAN, Sally (1987). My Place (excerpt). - MUNRO, Alice (). Selected stories. - PATERSON, Banjo (1895). Waltzing Matilda. http://alldownload.com/australian-music-songs/waltzing-matilda-a.htm - RUSHDIE, Salman (1980). Midnight's Children (first part). - VIRAMONTES, Helena M. (1995). &quot;The Cariboo Cafe&quot;. The Moth and Other Stories <p>Aínda que o calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia, a docente recomenda encarecidamente ás/aos estudantes que comezen ler os DOUS textos longos de obrigada lectura (a novela completa de Achebe e os capítulos da novela de Rushdie) tan pronto lles sexa posible. Existen varias copias destes dous libros nas bibliotecas da UDC, e tamén se poden atopar ou reservar ambas novelas en librerías por estaren publicadas en editoriais de ampla difusión.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Ashcroft, B., G. Griffiths and H. Tiffin (2007). Postcolonial Studies: The Key Concepts. Routledge - Ashcroft, B., G. Griffiths and H. Tiffin (1989/2002). The Empire Writes Back. Theory and Practice in Post-Colonial Literatures. 2nd ed. . Routledge - Boehmer, Elleke (1995/2005). Colonial and Postcolonial Literature. Oxford UP - Booker, M. K. (1998). The African Novel in English. An Introduction. Heinemann - Childs, Peter, and Patrick Williams (1997). Introduction to Post-Colonial Theory. Prentice - Keown, Michelle; David Murphy and James Procter, eds. (2009). Comparing Postcolonial Diaspora. . Macmillan - Patke, Rajeev and Philip Holden (2009). Routledge Concise History of Southeast Asian Writing in English. Routledge - Steger Manfred (2013). Globalization: A Very Short Introduction. Oxford UP - Wisker, Gina (2007). Key Concepts in Postcolonial Literature. Macmillan <p>Recoméndase utilizar o primeiro libro desta lista, de Ashcroft, Griffiths e Tiffin, co identificador (sinatura da biblioteca UDC) L2-4120, como libro de consulta xeral, ademáis de outros textos máis curtos (capítulos de libro e artigos) que aportará ou recomendará a docente para cada tema en particular.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

- Introdución aos Estudos Literarios/613G03005
- Literatura Inglesa 1/613G03010
- Literatura Inglesa 2/613G03017
- Lingua Inglesa 4/613G03019
- Lingua Inglesa e os seus Usos 1/613G03020
- Cultura e Civilización dos Países de Fala Inglesa/613G03022

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

Materias que continúan o temario

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

Traballo Fin de Grao/613G03041

Observacións

Aínda que o calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia, a docente recomenda encarecidamente ás/aos estudantes que comecen ler os DOUS textos longos de obrigada lectura (a novela completa de Achebe e os capítulos da novela de Rushdie) tan pronto lles sexa posible. Existen varias copias destes dous libros nas bibliotecas da UDC, e tamén se poden atopar ou reservar ambas novelas en librerías por estaren publicadas en editoriais de ampla difusión.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías